

Requisitos para realizar o curso

- Unha boa conexión a internet.
- Un ordenador con **procesador de 64 bits e con extensións de virtualización** (Porque Zentyal agora xa non dispón de versión de 32 bits).
- Mínimo 4 GB de memoria RAM, aconsellable 6 GB ou máis.
- Espazo libre no disco duro duns 100GB a 150 GB. Pode ser un disco duro externo.
- O material do curso foi elaborado baseado nos seguintes Sistemas Operativos (Nov 2011):
 - ◆ **Linux Escritorio:** Ubuntu 11.10 Desktop de 64 bits.
 - ◆ **Linux Servidor:** Zentyal 2.2-1.
 - ◆ **Windows Escritorio:** Windows 7 N Enterprise de 64 bits.
 - ◆ **Windows Servidor:** Windows 2008 Server Datacenter de 64 bits.
 - ◆ **Hipervisor:** VirtualBox 4.1-4.1.4, 64 bits.

Dada a grande cantidade de capturas de imaxes que ten o curso, faise moi tedioso recapturar todo de novo para cada unha das novas versións que van aparecendo dos distintos Sistemas Operativos.

Importante: IV Edición do curso de Platega (2º Trimestre curso 14-15): Vanse usar os seguintes S.O. Se o participante no curso escolle outro distinto non podemos garantir asistencia e axuda ao 100%.

- - ◆ **Linux Escritorio:** Ubuntu 12.04 LTS Desktop e Ubuntu 14.04. Tamén foi probada a 14.10.
 - ◇ É aconsellable asinarlle 2 CPUs e 64 MB de Memoria de Vídeo ás MVs creadas con este SO.
 - ◆ **Linux Servidor:** Zentyal 2.2-1 ou a nova Zentyal 4.0 (Feb 2015) (Tamén se amosarán, se é preciso, as diferencias entre a nova versión e a vella dos apuntes).
 - ◆ **Windows Escritorio:** Windows 7 N Enterprise. Tamén se probou coa versión Windows 8.1 Enterprise 64 bits (18 outubro 2013) e funciona perfectamente, só ter en conta que o escritorio cambia para adaptarse aos dispositivos móbiles e que ademais consume moita máis memoria RAM que Windows 7.
 - ◆ **Windows Servidor:** Windows 2008 Server Datacenter. Foi probada a versión Windows Server 2012 R2 Datacenter 64 bits e é totalmente operativa, só que cambia o escritorio.
 - ◆ **Hipervisor:** VirtualBox (A versión máis actual adaptada ao ordenador host).
 - ◇ En Feb 2015 a versión 4.3.20.
- Sempre que se poida escollerase a versión de 64 bits deses S.O. e do Hipervisor.
 - ◆ **NOTA Edición Feb 2015.** Hai que dispoñer dun ordenador real de 64 bits que permita habilitar as funcionalidades de virtualización na BIOS, pois a versión 4.0 de Zentyal só é de 64 bits.
- Quen o desexe terá as imaxes ISOs dos S.O. Windows dispoñibles perante a primeira semana nun enlace na plataforma de Platega.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez -- (outubro 2012. Rev. Feb 2015).